

CENTRO: IES Castro de Baronceli

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO TECNOLOGÍA

CURSO 2018-2019

- ✓ TECNOLOGÍAS 2º ESO
- ✓ PROGRAMACIÓN 2º ESO
- ✓ TECNOLOGÍAS 3º ESO
- ✓ TIC 4º ESO

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	5
1.1.- MARCO LEGAL.....	5
1.2.- XUSTIFICACIÓN DA TECNOLOXÍA NA ESO.....	6
1.3.- OBXETIVOS DA TECNOLOXÍA E DA ESO.....	6
2.- CONTEXTUALIZACIÓN.....	8
3.- DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS NA TECNOLOXÍA E DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	8
3.1.- CONCRECCIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	9
4.- METODOLOXÍA.....	10
5.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DENTE A AULA DE TECNOLOXÍA.....	11
6.- MATERIAIS E RECURSOS.....	12
7.- AVALIACIÓN.....	12
7.1.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	13
7.1.A DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOITAR COMO CONSECUCIONA DOS SEUS RESULTADOS.....	14
7.1.B PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA.....	15
8.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS.....	17
8.1.A PROCEDEMENTOS INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	20
9.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC, PLAN LECTOR E PLAN DE CONVIVENCIA.....	23
10.- TECNOLOXÍA 2º ESO	24
10.1.- INTRODUCCIÓN.....	25
10.2.- CONTIDOS: ORGANIZACIÓN, TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.....	25
10.3.- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	27
10.4.- CONTRIBUCIÓN DA TECNOLOXÍA 2º ESO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	33
10.5.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	37

10.6.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....	37
10.7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	37
10.8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	38
11.- PROGRAMACIÓN 2º ESO.....	39
11.1.- INTRODUCCIÓN.....	40
11.2.- CONTIDOS: ORGANIZACIÓN, TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.....	40
11.2.A Temporalización da Programación Didáctica.....	41
11.3.- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	41
11.4.- METODOLOXÍA.....	1
11.5.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	1
11.6.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....	2
11.7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	2
11.8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	2
12.- TECNOLOXÍAS 3º ESO.....	3
12.1.- <i>INTRODUCCIÓN</i>	4
12.2.- CONTIDOS: ORGANIZACIÓN, TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.....	4
12.3.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	8
12.4.- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	11
.....	17
12.5.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	17
12.6.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....	18
12.7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	18
12.8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	18

13.- TIC 4º ESO.....	19
13.1.- INTRODUCCIÓN.....	20
13.2.- CONTIDOS: ORGANIZACIÓN, TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.....	20
13.3.- CONTIDOS: ORGANIZACIÓN, TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.....	22
13.4.- VINCULACIÓN ENTRE OBJETIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE E GRADO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	23
13.5.- PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....	3
13.6.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	3
13.7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	3
13.8.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	3
13.9.- PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....	4
13.10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	4
13.11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	4

1.-INTRODUCCIÓN

1.1.-MARCO LEGAL

A lexislación que regula actualmente os elementos que determinan o proceso de ensinanza e aprendizaxe do sistema educativo é a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (**LOMCE**). Un dos obxetivos que persegue é introducir novos patróns de conduta que sitúen á educación no centro da sociedade e da economía, preténdese recoñecer o talento dos estudantes e potencialo, formar persoas autónomas, emprendedoras e innovadoras, críticas con pensamento propio. Para conseguilo faise necesario un cambio metodolóxico de aprendizaxe onde o alumnado sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe e se actualice adaptándose as innovacións tecnolóxicas nas que está inmersa a sociedade. A LOMCE establece a aprendizaxe baseada nas “Competencias clave na ESO e no bacharelato” aplicando os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

As propostas europeas para introducir estes cambios, están recollidas na **Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e o Consello, de 18 de decembro de 2006**, onde se establece a “Aprendizaxe por Competencias” integradas nos elementos curriculares. O R.D 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria (ESO) e do bacharelato, adapta a Recomendación do Parlamento Europeo e o Consello, para propiciar unha renovación da práctica docente e do proceso de ensinanza e aprendizaxe e propón novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación.

Para o deseño curricular, emprégase o **Real Decreto 1105/2014** que se concreta para Galicia no **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia**, e tamén a **Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, onde se describen as relacións entre competencias**, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

O establecido na citada lexislación aplícase no currículo do centro a través das concrecións curriculares de centro, o perfil de área e o perfil competencial; éstas trasládanse á aula por medio da programación didáctica que propón o docente, onde se recollen as propostas metodolóxicas e de avaliación que vai desenvolver na aula, se establecen as Unidades didácticas integradas que especifican as tarefas, os proxectos e actividades de aula que se han levar a cabo para traballar os contidos das materias e así o alumnado adquira as competencias clave sendo avaliado polos estándares de aprendizaxe.

Os elementos que determinan o proceso de ensinanza e aprendizaxe veñen establecidos no currículo das materias e son: **Os Obxetivos** de cada ensinanza e etapa educativa, que constan no Proxecto Curricular de etapa dos centros. **As Competencias ou capacidades** para aplicar de forma integrada aos contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. **Os Contidos**, habilidades ou destrezas e actitudes que contribúen ó logro dos obxetivos de cada ensinanza educativa e á adquisición de competencias de cada materia. **A Metodoloxía** didáctica que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes. Os **Estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis (EAE)** especifican os criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e concretan o que os alumnos e alumnas deben saber, comprender e saber facer da materia; deben ser observables, medibles e avaliábeis e permitir graduar o rendemento e o logro alcanzado. O seu deseño debe contribuir e facilitar a elaboración de probas estandarizadas e comparables. Os EAE son os referentes tanto para a avaliación dos obxetivos como para a avaliación do nivel de adquisición das competencias. E os Criterios de avaliación do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxetivos de cada ensinanza.

1.2.-XUSTIFICACIÓN DA TECNOLOXÍA NA ESO

Actualmente estamos vivindo una “Revolución Tecnolóxica” que conleva cambios importantes na sociedade. Coa implantación dos dispositivos móbiles e o acceso á rede internet, muda o xeito de relacionarse, de comunicarse e por suposto está mudando o xeito de ensinar. A educación moderna baséase na investigación e desenvolvemento do espírito crítico tendo como principios fundamentais a observación e a reflexión. Temos un alumnado nativo dixital, polo que a metodoloxía a empregar para acadar os obxetivos marcados pola lei tamén ten que adaptarse ós novos medios.

A materia de Tecnoloxía, contribúe a lograr os obxetivos establecidos no currículo, traballando tódalas competencias (matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía, lingüística, aprender a aprender CMCCT, sentido de iniciativa e espírito emprendedor CSIEE, sociais e cívicas CSC, conciencia e expresións culturais CCEC e sobretudo a dixital CD) e incorporando nas distintas actividades os elementos transversais (como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, fomentar o emprendemento, educación en valores non discriminatorios), para desenvolver todo o descrito, nesta programación empregarase o aprendizaxe baseado en proxectos, en resolución de problemas ou retos, con tarefas integradas, aprendizaxe entre iguais e traballo en equipo de xeito colaborativo conseguindo así unha aprendizaxe transversal, dinámica e integral e significativa.

Tanto a materia de Tecnoloxías como a TIC, o uso das TACs “Tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento” son pilares básicos na ensinanza obrigatoria e postobligatoria que potencian a aprendizaxe e contribúen a eliminar a brecha dixital. O emprego das ferramentas TIC para explorar, analizar, intercambiar, presentar a información e buscar solucións a problemas existentes, incrementa a autonomía e iniciativa persoal no alumnado, corrixe a segregación sexual en materia laboral rachando cos estereotipos, fomenta a aprendizaxe de coñecementos técnicos e científicos e desenvolve destrezas que permiten, tanto a análise de obxectos tecnolóxicos existentes como a súa utilización.

1.3.-OBXETIVOS DA TECNOLOXÍA E DA ESO

Esta materia trata de fomentar a aprendizaxe de coñecementos e desenvolvemento de destrezas que permitan a comprensión, intervención e creación de obxectos técnicos. Pretende que o alumnado empregue as TIC para explorar, analizar, intercambiar e presentar a información. Pártese do nivel de coñecementos dos alumnos e alumnas para asegurar a construción de aprendizaxes significativos, facendo que constrúan as aprendizaxes por sí mesmos. A materia baséase nas seguintes premisas:

1. Constituír un desafío para o alumnado, ofrecéndolles a oportunidade de resolver problemas, retos coa tecnoloxía mediante a aplicación de habilidades prácticas e creativas, empregando a metodoloxía de proxectos.
2. A adquisición de coñecementos técnicos e científicos necesarios para a comprensión e o desenvolvemento da actividade tecnolóxica.
3. A análise e manipulación de obxectos tecnolóxicos.
4. Alentar ó alumnado a explorar a función da tecnoloxía no pasado e na actualidade.
5. Contribuir a que o alumnado tome conciencia das súas responsabilidades como cidadáns do mundo á hora de tomar decisións e actuar en relación con cuestións relacionadas coa tecnoloxía.

O currículo básico da LOMCE establece no artigo 23 os obxetivos de etapa da ESO e curso e se concretan nos contidos e nas competencias – conxunto de habilidades, coñecementos e actitudes integradas que

permiten dar resposta de forma eficaz a problemas reais en distintas situacións da vida-. Trátase dos logros da aprendizaxe que debe acadar o alumnado ó finalizar a etapa, como resultado dun proceso educativo planificado.

Segundo artigo 10 do decreto, os **OBXECTIVOS da educación secundaria obrigatoria** son:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.-CONTEXTUALIZACIÓN

O centro está ubicado nas aforas de Verín na provincia de Ourense que recibe alumnado da contorna. É un centro pequeno só dispón dunha liña por curso, agás en 1º da ESO que ten dous. Son aproximadamente 150 alumnas e alumnos onde se imparten só ensinanzas de ESO coas modalidades específicas, 2º e 3º de Tecnoloxías e en 4º impártese a materia TIC 4º ESO.

Está ben dotado, dispón de dúas aulas de informática que contan con 15 equipos cada unha, cañón, portátil e acceso a internet, dispón da dotación facilitada pola Xunta en Robótica -Rasberry Pi, Arduino, MbotRanger e impresora 3D-. Dispón dun taller de Tecnoloxía equipado coa ferramenta e maquinaria necesaria para traballar e os medios informáticos necesarios para desenvolver a práctica sen dificultade -cañón con portátil, 2 equipos con acceso a internet e impresora 3D-.

O nivel sociocultural das familias do alumnado é de tipo medio-baixo adicado ó medio rural onde un gran número de nais non traballan. Dispón de alumnado con NEAE Necesidades Educativas de Atención Específicas. En xeral, son alumnos pouco motivados, con pouco hábito de estudio pero con boa disposición para traballar. Nos últimos anos aumentou a porcentaxe de alumnos procedentes doutros países que se incorporan tarde á ensinanza e veñen cun nivel de cualificación algo máis baixo co dos alumnos escolarizados, este alumnado supón un mínimo porcentaxe do total de alumnos do centro.

Os datos do Departamento son os seguintes:

MATERIA	CURSO	GRUPOS	PROFESORES
✓ Tecnoloxía	2º ESO	2ºA/PMAR	✓ ANA DOVAL BARREIROS
✓ Programación	2º ESO	2ºA/PMAR	✓ ANA DOVAL BARREIROS
✓ Tecnoloxía	3º ESO	3º A	✓ ANA DOVAL BARREIROS
✓ TIC	4º ESO	4º A	✓ PABLO FERNÁNDEZ VILLANUEVA

3.- DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS NA TECNOLOXÍA E DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A lexislación vixente en materia de educación, propón novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación. Potencia a “**Aprendizaxe por Competencias clave**” integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación da práctica docente e do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

As competencias supoñen unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se unen para lograr unha acción eficaz. Aplícanse a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais para que o alumnado se desenvolva como cidadán activo, "sabendo facer". As competencias clave son:

✕ Comunicación lingüística (CCL) ✕ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) ✕ Competencia dixital (CD) ✕ Aprender a aprender (CAA) ✕ Competencias sociais e cívicas (CSC) ✕ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) ✕ Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Na materia de Tecnoloxía realízanse proxectos sinxelos relacionados co entorno do alumnado, coñecendo e manipulando obxectos, procesos, sistemas e entornos tecnolóxicos. A creación de programas que solucionen problemas de forma secuencial, interactiva, organizada e estruturada, facilita o desenvolvemento do pensamento matemático e computacional, contribúe á adquisición da competencia matemática. A utilización e manipulación de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, uso de datos e procesos para resolver problemas e retos plantexados emitindo xuízos críticos capacitan para adquirir a **competencia en ciencia e tecnoloxía CMCCT**. O manexo de software para a depuración de contidos, o uso creativo, crítico e seguro das ferramentas TIC de simulación dos procesos tecnolóxicos e a adquisición de destrezas con linguaxes específicas ou gráficos, contribúen a adquirir a **competencia dixital CD**. Co desenrolo de estratexias para resolver problemas tecnolóxicos, retos, etc, favorécese o razoamento, desenvolvendo a autonomía e a creatividade, aumenta a confianza en sí mesmos, para traballar de xeito pro-activo analizando, planificando, xestionando proxectos e tomando decisións, contribúe a adquirir a **competencia de iniciativa e espírito emprendedor CSIEE**. Incorporando o vocabulario técnico e específico en cada bloque de contidos e coa búsqueda e produción de documentación e expoñendo os traballos feitos, adquirese a **competencia lingüística CCL**. A tecnoloxía tamén colabora na adquisición da **competencia en conciencia e expresión cultural CCEC**, valorando a importancia que adquiren os acabados e a estética, en función dos materiais eleixidos e do tratamento aplicado ós mesmos. Por outra banda, o coñecemento e respecto das normas de uso e manexo de obxectos, ferramentas e materiais, así como o cuidado e respecto ó medio ambiente, a participación responsable no traballo en equipo, con actitude activa e colaborativa evidencian a contribución á adquisición das **competencias sociais e cívicas CSC**.

Para a adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, nesta programación se diseñan actividades de aprendizaxe integradas que permitan ó alumnado acadar avaliación positiva en máis dunha competencia ó mesmo tempo, potenciándose as competencias CCL “Lingüística”, CMCCT “Matemática” e CD “Dixital” como establece a normativa. Os Obxetivos ou logros acadados polo alumnado e as Competencias clave que se van traballar están definidas en cada estándar de aprendizaxe dos diferentes bloques de contidos do currículo da ESO para a materia de Tecnoloxía.

3.1.-CONCRECCIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os Elementos Trasversais establecidos no artigo 4 do Decreto 86/2015 estarán moi presentes na materia de Tecnoloxía.

A comprensión lectora (CL), Expresión oral e escrita (EOE), Comunicación audiovisual (CA), Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), o emprendemento (EMP) e a Educación cívica e constitucional (EC),

Igualdade entre homes e mulleres (IHM), Prevención da violencia (PV) Educación e seguridade viaria (EV), traballarase de forma habitual no desenvolvemento de proxectos, fomentando a igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ó principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

No ámbito da educación e seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e da prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os alumnos e alumnas coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e viaxeiras e conductores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respeten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

4.- METODOLOXÍA

Dacordo co establecido no Decreto 86/2015 no artigo 11, que establece os Principios metodolóxicos para elaborar as propostas didácticas da ESO, favorecerase a atención á diversidade, a capacidade de aprender por sí mesmos tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e empregarase unha metodoloxía didáctica activa e participativa, promovendo a aprendizaxe en equipo. Para atender á diversidade da aula dende a perspectiva de inclusión, nesta programación didáctica empregarase unha metodoloxía activa, participativa e construtiva partindo dos coñecementos previos dos que dispoñen os alumnos e alumnas.

Para deseñar as actividades terase en conta que o alumnado debe desenvolver as habilidades do Século XXI (innovación, pensamento crítico, resolución de problemas, comunicación e colaboración, manexo da información, coñecemento dos medios, alfabetización en TIC, adaptabilidade e flexibilidade, iniciativa e autonomía, habilidades sociais e interculturais, produtividade, liderazgo e responsabilidade). Partindo das conclusións que extrae Edgar Dale no seu cono de aprendizaxe no que indica que “conversar ou debater, simular ou facer” son os tipos de actividades que mellor garanten a aprendizaxe; a metodoloxía empregada nesta programación adáptase a esa realidade de xeito que de resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe, desenvolvendo intelixencias múltiples, fomentando a aprendizaxe entre iguais mediante o traballo en equipo colaborativo e heteroxéneo e asegurando a adquisición das competencias clave a través da realización de tarefas integradas. A metodoloxía empregada nesta programación de 3º ESO de Tecnoloxía é a seguinte:

✘ Deseño de actividades variadas, de xeito que se adecúen aos diferentes estilos de aprendizaxe (visual, auditivo, kinestésico, de lectura/escritura, multimodal, etc) e den resposta as intelixencias múltiples do alumnado (Howard Gardner: lingüística, lóxico-matemática, espacial, musical, corporal, intrapersoal, interpersoal e naturalista). “A irrupción das novas tecnoloxías obríganos a educar aos nenos e nenas dunha maneira distinta” Howard Gardner.

✘ Emprego de metodoloxía de aprendizaxe colaborativa, de xeito que se de cabida ás diferentes características e necesidades do alumnado, e fomentando a aprendizaxe entre iguais. A aplicación desta metodoloxía na posta en práctica dalgunhas actividades promoverá a inclusión do alumnado e promoverá unha mellora da convivencia na aula, gracias as relacións do equipo e ao seguimento do mesmo a través do plan de equipo e asegurarse a participación de todo o alumnado nas actividades.

✘ Emprego dunha aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), problemas ou retos relacionados coa vida real, para contextualizar as aprendizaxes e motivar ao alumnado, cubrindo así os diferentes intereses do alumnado.

✘ Adecuaranse as actividades deseñadas ao grupo clase para atender deste xeito aos intereses do alumnado do grupo/clase.

✗ Realizaranse proposta de actividades de reforzo ou complementarias para atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Abordaranse estratexias de agrupamentos heteroxéneos flexibles aplicando criterios de paridade, graduarase a dificultade das tarefas, actividades e proxectos a resolver, guiando en maior ou menor medida o proceso de solución, flexibilizando os criterios de avaliación aplicados.

✗ Empréganse as ferramentas TIC e TAC como un recurso en todas as unidades didácticas, como elemento motivador e de atención á diversidade.

A metodoloxía empregada intentará contribuír a formar ó alumnado: indagador, pensador, bos comunicadores, de mentalidade aberta, solidarios, audaces, equilibrados e reflexivos para isto empregaremos o **MÉTODO DE PROXECTOS** que consta de varias fases:

- **INVESTIGACIÓN:** os alumnos e alumnas identifican o problema a resolver. Obteñen, analizan, seleccionan e evalúan a información sobre o problema a resolver. Para iso empregarán unha gama variada e apropiada de fontes de información. A docente pode guialos nesta selección. Formulan as especificacións do proxecto, requisitos que debe cumprir a solución. Deseñan modelos de proba do produto/solución.

- **DESEÑO E PLANIFICACIÓN:** xenerarán varios deseños viables que cumpran cas especificacións de deseño. Seleccionan o deseño e xustifican a súa elección. Elaboran un plan de creación do produto/solución, no que deben indicar os recursos necesarios e o tempo que vana empregar.

- **CREACIÓN:** o alumnado pon en práctica o plan, empregando os recursos e técnicas apropiadas. Traballarán nun entorno seguro para sí mesmos e para os demais. Crean o produto/solución e evalúan o seu plan e xustifica, no caso de ser necesario, calquer modificación do mesmo.

- **AVALIACIÓN:** Realizarán probas para avaliar o produto solución en relación coas especificacións do deseño. Evaluarán o éxito do produto/solución de forma obxetiva, en función das probas, os seus puntos de vista persoais e os dos demais usuarios ós que se dirixan. Evaluarán tamén o impacto do produto/solución nos individuos e na sociedade e explicarán as posibles melloras evaluando tamén o ciclo de deseño.

Os proxectos realizaranse en grupos reducidos de 4 ou 5 integrantes, onde cada un asumirá unha serie de responsabilidades segundo as actividades a desenvolver.

5.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DENTE A AULA DE TECNOLOXÍA

No preámbulo da LOMCE, establécese que todos os estudantes posúen talento e o sistema educativo debe contar cos mecanismos necesarios para recoñecelo e potencialo. De acordo co anterior, o Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, atribúe ás Administracións educativas a responsabilidade de regular as medidas de atención diversidade, organizativas e curriculares, incluídas as medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo porque presente dificultades específicas de aprendizaxe ou integración no ámbito escolar, alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con discapacidade para que o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxetivos establecidos na lei. Estas medidas de atención á diversidade poden ser:

✗ **Medidas Xerais, de aplicación para todo o alumnado.** Son as estratexias que permiten ós centros unha organización flexible das ensinanzas, que se adecúen as características dos alumnos e alumnas mediante adaptacións do currículo non significativas e permitan o mellor aproveitamento dos recursos dos que se dispoña, lévase a cabo a través da optatividade e a opcionalidade, (oferta de materias específicas e de libre configuración autonómica), da cooperación entre profesores, promoverase a titoría persoal do alumnado e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional para asesorar sobre a posibilidade de permanencia dun

ano máis no curso segundo a normativa, ou pasar a formar parte dun Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).

✗ **Medidas ordinarias, de reforzo e complementarias**, implementaranse as descritas na metodoloxía e realizaranse en todas as unidades.

✗ **Medidas Extraordinarias**, levaranse a cabo para o alumnado con necesidades especiais de aprendizaxe para o que as citadas medidas ordinarias non sexan suficientes, serán as que se establezan no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, desenvolvido en colaboración co Departamento de orientación do centro considerando os protocolos de actuación establecidos pola Xunta de Galicia.

A atención á diversidade dende a área de Tecnoloxía comenza coa recopilación de información do grupo-clase do ano anterior e coa realización da proba de avaliación inicial que nos permite obter información sobre os coñecementos previos do grupo, sobre as persoas que parten de posicións máis aventaxadas ou menos preparadas respecto ó nivel do grupo. Con esta información se fan as modificacións que sexan oportunas na programación didáctica e se plantexan apoios ou reforzos ós estudantes que demostren dificultades ou actividades de ampliación para os que adquieran a maior parte dos logros. Empréganse as medidas explicadas ó principio deste punto.

Unha vez detectadas as necesidades específicas, estableceranse medidas como:

- Atención individual intensiva na realización de prácticas. Subministración de material de apoio na aula. Ampliación de tempo na realización de probas. Apoios en pequeno grupo. Tutorías durante os recreos. Realización de tarefas en grupo. Adaptación curricular significativa si é o caso.

6.- MATERIAIS E RECURSOS

RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS		
HUMANOS	AULA-TALLER	DIXITAIS
- Docentes - Titor - Orientador	- Biblioteca de aula. - Aparellos de medida. - Materiais e compoñentes eléctricos e electrónicos. Materiais propios dun aula-taller (encerado, sillas, mesas de traballo, ferramentas, máquinas, maquetas, etc) - 2 equipos con conexión á internet - Impresora 3D (dotación da Xunta) - Libros de texto editorial SM - Material reciclado reciclables de uso doméstico para a realización de proxectos: cartón, plásticos, madeira, etc.	-Software e apps (necesarios especificados en cada UD) -Aula virtual de Tecnoloxía (http://www.moodlesocial.com/course/view.php?id=4993) onde aparece material de reforzo: Exercicios fotocopiabes de reforzo e ampliación para o tratamento da diversidade. Recursos dixitais de ampliar ou reforzar contidos estudados. - Móvil smartphone se fose posible. - Cañón proxector - 15 ordenadores - Dúas aulas con 20 PC cada unha. - Material de Robótica: -Raspberry Pi, Arduino UNO, MbotRanger, etc.

7.- AVALIACIÓN

7.1.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación da aprendizaxe segundo a LOMCE e do Decreto 86/2015, Capítulo IV “Avaliacións, promoción e titulación” será **continua** polo que cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo, en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades; **formativa** é un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe e integradora, diferenciada segundo as materias. Para avaliar a dedicación, o esforzo e o rendemento do alumnado con plena obxectividade, Se avaliará:

- ✓ **Avaliación da práctica docente:** ó finalizar o trimestre entregaráselle ó alumnado unha enquisa para que avalíen a práctica docente, os contidos, os recursos e o ambiente de traballo. Ver modelo de enquisa de satisfacción docente.
- ✓ **Avaliación de aprendizaxes do alumnado:** para que a avaliación sexa formativa e obxectiva, se establecen instrumentos de avaliación variados (lista de cotexo, rúbricas, portfolio, folla de equipo, etc), que por medio de indicadores de logro, determinan a cualificación dos estándares de aprendizaxe avaliados. A nota do trimestre será a media ponderada dos estándares que se traballaron nese trimestre.

As alumnas e alumnos para **promocionar** no curso, deberán **acadar o grao mínimo** dos estándares de aprendizaxe indicados nas táboas dos cursos. Para valorar cada estándar empregaranse instrumentos de avaliación variados.

O perfil da área indica o peso de cada estándar de aprendizaxe na materia e o conxunto dos estándares terán un peso do 100%. A cualificación de cada estándar será a media ponderada dos instrumentos que se empreguen para avaliar ese estándar. A **nota do trimestre** será a media ponderada dos estándares que se traballaron nese trimestre. Cando se traballe o mesmo estándar en varios trimestres, a cualificación do estándar será a media das cualificacións acadadas nese estándar en cada una unidade. A **nota das competencias clave** será calculada a final de curso, facendo a media acadada polo alumno ou alumna dos estándares nos que traballou esa competencia, e así se obterá a cualificación de cada unha das competencias. (Ver exemplo)

Na disposición adicional quinta do Decreto 86/2015, establece que deben presentarse os resultados da avaliación da ESO cunha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala de 1 a 10, que irá acompañada dos termos:

Cualificación	Insuficiente (IN)	Suficiente (SU)	Bien (BE)	Notable(NT)	Sobresaliente(SB)
NOTA	1, 2, 3 e 4	5	6	7 e 8	9 e 10

As alumnas e alumnos para promocionar no curso, deberán acadar o grao mínimo dos estándares de aprendizaxe indicados. A cualificación exprésase con valores numéricos enteiros comprendidos entre 1 e 10. Serán positivas las cualificacións iguais ou superiores a 5.

Os criterios de promoción están dispoñibles no centro para a consulta dos membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado, pais ou tutores, etc.).

ANEXO IX. EXEMPLO DE CUALIFICACIÓN DUN ALUMNO OU ALUMNA NO PRIMEIRO TRIMESTRE

No primeiro trimestre trabállanse e aválense os estándares que se representan neste anexo. Cada estándar pesa o mesmo para a nota da materia. Para calcular a nota de cada estándar, aplícase a media ponderada de cada unha dos instrumentos de avaliación que se empregan para avaliálo, e finalmente a nota da avaliación será a media aritmética (pois todos os estándares pesan o mesmo).

Aqueles estándares nos que o alumnado non acade o estipulado como criterio mínimo, considérase que deben de recuperarse.

Estándar de aprendizaxe	Peso Perfil de área	U4.A3 Informe traballo equipo (100%) Observación Aula	Avaliación 1ª dos Estándares)			5,41
TEB1.2.3 Traballa en equipo de xeito responsable e respetuoso	5,00%	7	U1. A3 Caderno (90%)			7 estándar
TEB1.1.1 Diseña un prototipo que de solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	5,00%	U3- Fichas (20%)	U3- Caderno (20%)	U3- Proba Escrita (60%)		4,9
TEB2.1.1 Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos	5,00%	U1. A3 Caderno (100%)	6	5		5
TEB1.2.1 Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	5,00%	0,8	1,2	3		6
TEB2.2.1 Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio	5,00%	U4- Informe deseño (30%)	U4 – Deseño 3D (70%)			5,4
		4	6			
		1,2	4,2			
TEB3.1.1 Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	5,00%	U5-Mapa Conceptual (20%)	U5- Informe Propostas (20%)	U5- Proba tipo test (60%)		5
		3	4	6		
		0,6	0,8	3,6		
TEB5.1.1 Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.	5,00%	U12. Obs. Directa (10%)	U2. Vídeo (40%)	U12. Proba escrita (50%)		5,2
		4	7	4		
		0,4	2,8	2		

7.1.A DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOITAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Non todo o alumnado ten as mesmas capacidades e intereses. Por iso é necesario facer unha proba inicial na que coñecer o punto de partida de cada alumno e alumna para detectar os coñecementos previos, as necesidades específicas, coñecer os intereses, hábitos de estudo e estilos de aprendizaxe do alumnado para adaptar a labor docente a esas necesidades e propor tanto medidas de atención á diversidade ordinarias personalizadas, como actividades de reforzo ou ampliación ou detectar se algún alumno ou alumna podería necesitar medidas extraordinarias.

Esta **proba de AVALIACIÓN INICIAL**, farase na primeira semana de curso co obxectivo de recabar toda a información individual e en grupo descrita anteriormente. Consistirá nunha proba escrita con preguntas e respostas para contestar aspectos dos intereses e hábitos de estudo e preguntas tipo test e gráficos relacionados cos estándares do curso pasado. Esta proba ten carácter informativo, non suporá cualificación numérica para considerar na avaliación.

Se houberse consideracións a ter en conta para o desenvolvemento da programación didáctica estas quedarán reflectidas no **libro de actas do departamento de tecnoloxía**, onde de maneira mensual se fai constancia do seguimento da programación.

A **AVALIACIÓN CONTINUA**, permite coñecer e valorar o traballo e o logros dos obxetivos e adquisición de estándares e competencias clave, e se detectan as posibles dificultades do alumnado o que permite tomar

medidas de apoio educativo e correxilas. Realizaráanse avaliacións trimestrais e se calificarán segundo os criterios expostos anteriormente. No mes de xuño, farase unha **AVALIACIÓN FINAL** no mes de xuño, para avaliar os estándares nos cales non acadaron o grao mínimo nas distintas unidades e non se avaliaron nos seguintes trimestres. Ó rematar cada trimestre, se lles facilita un material para traballar os estándares non acadados ós alumnos e alumnas implicados que lles axude a obter avaliación positiva nos seguintes trimestres ou na proba final de xuño de ser o caso. Aqueles alumnos/as que, como resultado da avaliación final ordinaria, non acadaran o grao mínimo dos estándares mínimos esixibles establecidas nesta programación, terían que facer unha **proba escrita extraordinaria** no mes de setembro. A cualificación exprésase con valores numéricos enteiros comprendidos entre 1 e 10. Serán positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5. Recomendarase a estes alumnos/as repetir todas as actividades e problemas realizados no curso académico relacionados cos mínimos esixibles para a súa superación. No mes de xuño, o profesor indicarlles as pautas a seguir.

7.1.B PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA

Os procedementos e instrumentos de avaliación empregados na materia de tecnoloxía son os seguintes:

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Probas escritas:	PREGUNTAS obxectivas (con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno/a escolla, sinale ou complete), abertas (con preguntas ou temas nas que o alumno/a constrúe as respostas), de interpretación de datos (imaxes, pezas, esquemas eléctricos, etc., seguido dunha serie de preguntas relativas a súa interpretación), resolución de exercicios e problemas . (<i>Dependendo das unidades a avaliar</i>)
Análise de producións dos alumnos/as:	- Documentos técnicos: láminas de debuxo - Traballos de aplicación e síntese . - Investigacións - Prácticas no taller - Prácticas informáticas (empregando software específico). - Proxecto tecnolóxico : Realización dunha memoria descritiva (documentación técnica) e maqueta ou prototipo.
Observación directa - sistemática:	- revisión do caderno de clase das tarefas realizadas na casa. Resolución de exercicios e problemas. Traballos feitos na aula-taller e TIC.

A rúbrica que se mostra a continuación é un modelo que se pode empregar para graduar a cualificación de traballos escritos. Dependendo do traballo, pódese aplicar na súa totalidade ou parcialmente. Previamente informarase o alumnado dos puntos da rúbrica a seguir para a cualificación do traballo.

OBJECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo tratase de forma creativa, sorprendente, amena, única.	O tema tratase con certa orixinalidade e de xeito ameno.	O tema desenvólvese (ou o parece) a partires dun traballo xa existente.	O traballo non é/parece orixinal nin de autoría propia.
	2	Cubre o tema obxecto do	Cubre o tema obxecto do	Apenas inclúe a	A información sobre o

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
		traballo con profundidade.	traballo de xeito adecuado.	información esencial do tema.	tema é escasa.
	3	O texto mostra que o coñecemento do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros ou carencias na asimilación do contido.
	4	Empréganse de forma profusa imaxes e/ou infografíaas que complementan e axudan á comprensión do tema.	Empréganse varias imaxes e/ou infografíaas que complementan e axudan á comprensión do tema.	Apenas empréganse imaxes e/ou infografíaas, ou non aportan nin axudan á comprensión do tema obxecto do traballo.	Non se empregan imaxes nin infografíaas no traballo.
	5	O texto garda unidade temática e coidase a súa claridade, respectando a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática e coidase a súa claridade, pero non se respecta a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática, pero non se coida a súa claridade nin se respecta a estrutura gramatical.	O texto non garda unidade temática e non se coida a súa claridade; é unha unión de distintos textos.
	6	Non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo.	O traballo ten entre 1 e 5 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 6 e 10 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 11 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
ORGANIZACIÓN	7	A portada e orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, e é seguida por un índice.	A portada é seguida por un índice do traballo.	A portada es orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, pero carece de índice.	A portada non é orixinal ou non introduce o tema obxecto do traballo ou aos autores, e carece de índice.
	8	O contido do traballo está ben estruturado: unha idea segue á outra en unha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É fácil de ler.	O traballo está bastante organizado; anque algunha idea parece fora de lugar, as transicións entre o resto son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir: algunhas ideas parecen fora de lugar, ou se empregan mal as transicións entre elas, a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar clasificadas ao azar, con algunhas totalmente fora de lugar. Ademais, non se mantén o formato, costa ler.
	9	O final do traballo é orixinal, e inclúe unha reflexión profunda e conclusións.	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións.	O final do traballo inclúe conclusións, pero sen apenas reflexión, e/ou parecen copiadas.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, e/ou aparecen estar copiadas doutra fonte.
	10	A extensión do traballo axustase ao solicitado polo profesor/a, sen que sobre nin falte nada.	A extensión é lixeiramente superior ou inferior ao solicitado, sendo todo relevante.	A extensión axustase ao solicitado, pero a costa de eliminar partes importantes ou engadir contido sen lóxica.	A extensión é notablemente superior ou inferior á solicitada.

As porcentaxes establecidas, así como o número de exames e prácticas por avaliación poden variar ao longo do curso debido a modificacións na programación, tipo de alumnos/as, segundo o grupo, recursos, etc. Esas modificacións quedarán rexistradas e no **libro de actas do departamento de tecnoloxía**.

Ao finalizar cada Unidade Didáctica, informarase ós alumnos dos aspectos negativos da súa avaliación, se é o caso, indicándoselles como os deberán superar. Como é obvio, **o sistema de recuperación proposto dependerá do tipo estándares de aprendizaxe non superados**.

✓Os estándares nos que obtiveran cualificación negativa, recuperaranse en avaliacións sucesivas.

✓A parte práctica (análise de producións dos alumnos/as) e o caderno de clase aplicarase as observacións feitas nas sucesivas unidades didácticas, e informarase ao alumnado da forma de recuperación se non superaron a avaliación por este motivo.

A cualificación da convocatoria ordinaria de xuño coincidirá ca obtida na 3ª avaliación, agás aqueles alumnos/as que non aproben deste xeito farán unha proba final de toda a materia no mes de xuño. Ofertarase esta proba final tamén a aqueles alumnos/as que desexen elevar a súa nota final.

8.-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTIVAS

Dende unha ampla perspectiva e co compromiso de mellora continua, os criterios e momentos en que imos avaliar a propia programación son os seguintes: ó **inicio de curso**, comprobando que a planificación se fixo correctamente e se concretaron as unidades didácticas con todos os elementos curriculares (obxetivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e necesidades do alumnado). Ó **longo do curso**, ó rematar cada trimestre, farase unha reorientación continua derivada da aplicación na aula da programación didáctica onde a profesora analizará a adecuación da programación ó contexto específico grupo-clase, analizando se os procedementos e instrumentos de avaliación adecúanse ás características e necesidades do alumnado.

A partir de ese análise establécense as medidas de mellora que se consideren oportunas. Considerando tamén as opinións do alumnado a través das autoevaluacións, coavaliacións e enquisa de satisfacción docente.

ENTRE TODOS MELLORAMOS...		SI	NON	ÁS VECES
1	As explicacións da profesora son claras e están ben preparadas?			
2	A profesora consegue despertar o meu interese pola materia			
3	As explicacións son amenas e interesantes?			
4	A profesora emprega medios didácticos (ferramentas, audiovisuais, TIC, ordenador...) para facilitar a aprendizaxe?			
5	Os recursos do centro son suficientes para impartir a materia?			
6	A profesora é accesible, mostra un trato correcto e atende as dúbidas que van xurdindo			
7	Os obxetivos, contidos e criterios de avaliación foron ben explicados			
8	Considérase o teu traballo diario na clase na avaliación			
9	As probas escritas serven para comprobar o aprendido			
10	Realizamos tarefas en equipo			
11	Gústame participar nas tarefas en equipo			
12	Na clase hai bo ambiente para aprender, respetámonos			
13	Na clase síntome rechazado			
14	A información da aula virtual da materia resúltame útil			
15	Con esta materia aprendín cousas que considero valiosas para a miña formación			
16	O meu grado de satisfacción ca materia é alto			
17	Gustaríame volver a cursar outra materia con esta profesora			
17	Gustaríame facer e reportar as seguintes preguntas...			

AUTOAVALIACIÓN DO ALUMNADO. O valor 1 corresponde a que o fas poucas veces e o valor 4 é que o fas sempre.

	ESCALA			
	4	3	2	1
1. Asisto puntualmente a clase.				
2. Atendo ás orientacións e explicacións da profesora.				
3. Participo activa e eficazmente nas actividades grupais e individuais.				
4. Son responsable coas miñas obrigacións académicas.				
5. Son respetuoso/a coas miñas compañeiras e compañeiros e coa profesora				
6. Argumento as miñas ideas cos coñecementos que posúo.				
7. Expreso os meus puntos de vista con claridade.				
8. Evalúo o meu proceso de aprendizaxe segundo os resultados obtidos.				
9. Incorporáranse as TIC aos proceso de ensino-aprendizaxe				
10. Comprendo os contidos explicados na clase e se non pregunto dúbidas				
11. Realizo os traballos e actividades asignados na clase en tempo e forma.				
12. Participo en actividades extracurriculares.				
13. Emprego a aula virtual da materia para aclarar dúbidas e ampliar contidos				
14. Participo activamente e con respecto ós demais no traballo en equipo.				
15. Estudo a diario a materia e apóiome en esquemas, debuxos e resumos...				
16. Necesito actividades de reforzo para entender ben o explicado na clase				
17. Necesito actividades máis avanzadas				

COAVALIACIÓN. Lenda: S: sempre CS: Case sempre AV: Algunhas veces N: Nunca	COMPAÑEIROS					
	1	2	3	4	5	EU
Está disposto/a a axudar ós membros do equipo						
É respetuosa/o cos compañeiros e compañeiras						
Realiza os traballos que se lle asignan						
Trae os materiais cando traballamos en equipo						
Participa nas actividades						
